

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

PROXECTO LINGÜÍSTICO



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA	4
3. DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR	7
4. OBXECTIVOS	9
5. LIÑAS DE ACTUACIÓN. ACCIÓNS A DESENVOLVER	12
6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	14

1. INTRODUCCIÓN

1.1 MARCO LEGAL

Para a realización do Proxecto lingüístico basearémonos en todo momento nos referentes legais existentes a este respecto. Así, botaremos man da Lei de Normalización Lingüística, do Plano Xeral de Normalización Lingüística e sobre todo do Decreto 79/2010 polo que se regula o uso do idioma galego no noso sistema educativo.

1.2 O PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Partindo da idea da Lingua como un pilar fundamental na identidade dos pobos, vehículo e representación da súa herdanza cultural e medio de comunicación por excelencia entre individuos e sendo a Lingua Galega a propia de Galicia é mester recoñecer a importancia da súa aprendizaxe e tamén da súa potenciación e promoción de xeito que a súa presenza chegue a todos os eidos da sociedade.

Sen dúbida os centros de ensino son un punto de referencia fundamental na aprendizaxe da nosa lingua, pero, indo máis alá, han de promover a súa adquisición mediante o desenvolvemento de hábitos lingüísticos que perduren máis tarde nos seguintes niveis de estudo e no seu uso social. Desde esta perspectiva o noso centro vai desenvolver un proxecto lingüístico que atenda a estas necesidades.

Así pois, este PLC debe ser un documento colectivo e consensuado, e, na nosa opinión, guiado por tres obxectivos fundamentais:

- a) Garantir que o noso alumnado acade unha competencia semellante (comprender/ falar/ ler/ escribir) nas dúas linguas oficiais, independentemente de cal sexa a súa lingua inicial ou familiar. É este un mandato legal, como ben sabemos, enunciado , sucesivamente, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei de normalización e no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.
- b) Vencer, mediante unha información axeitada, os prexuízos negativos en relación ao galego aínda existentes na nosa sociedade, e facer que a nosa comunidade educativa sexa capaz de irradiar cara ao seu contorno inmediato unha valoración positiva da nosa lingua e da posibilidade de sermos bilingües, como unha forma máis aberta de vivir nunha Europa e nun mundo plurilingües.
- c) Conseguir para a lingua galega máis espazos de uso, que lle permitan ser percibida pola mocidade como unha lingua operativa para todos os efectos nunha sociedade moderna e globalizada.

O equipo encargado da elaboración e supervisión deste documento está conformado segundo o artigo 14.2 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia: “O proxecto lingüístico será redactado por unha comisión do profesorado do centro, nomeada polo equipo directivo e oída a comisión de coordinación pedagóxica. Formarán parte dela, como mínimo, os xefes/as dos departamentos de linguas e o coordinador/a do equipo de dinamización da lingua galega. Será aprobado e avaliado polo consello escolar do centro educativo”

2. ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA

2.1 A CONTORNA

O IES Cabo Ortegal atópase no concello de Cariño que está constituído polas parroquias de Cariño, A Pedra, Sismundi, Feás e Landoi, está situado no norte da provincia da Coruña, entre a Serra da Capelada e o Cabo Ortegal.

O concello ocupa unha extensión de 46 quilómetros cadrados e limita ao norte co mar Cantábrico; ao sur con Ortigueira, ao suroeste con Cedeira e ao sureste linda coa ría de Cariño - Ortigueira.

En Cariño viven aproximadamente 4000 persoas (conforme ao último padrón de habitantes). A escala galega pódese considerar un concello con elevada densidade de poboación, con 119,3 habitantes por quilómetro cadrado. Polo tanto é unha vila mariñeira cunha grande maioría de castelán-falantes debido a diversas causas:

- Interrupción do proceso de transmisión interxeracional do galego, debido entre outras causas, a que o turismo no verán, a maioría do sector servizos e da comunidade educativa (agás nalgunhas materias cando o esixe a lei) empregan case exclusivamente o castelán nos ámbitos de uso escrito e oral tanto formais como informais. Isto provoca a falsa idea do medre social e económico que tende a caracterizar ás vilas cun pequeno núcleo urbano de poucos habitantes.
- A infravaloración do idioma, debido a un sentimento de inferioridade que lles fai empregar o castelán como unha forma de reafirmación e de identificación cos sectores que o empregan case en exclusiva. Esta situación resulta sorprendente tendo en conta que a maioría da poboación é mariñeira e a urbana é pequena respecto ao mundo rural. Non só aparece nas xeracións máis novas senón entre toda a poboación, aínda que a de máis idade tende a abandonar o castelán ao falarlle en galego, lingua na que acaban instalándose. Nas zonas rurais o idioma empregado pola xente maior é o galego, pero tenden a cambiar para comunicarse cos máis novos.

2.2 O CENTRO

O Centro pretende favorecer a presenza dun entorno favorable á utilización da lingua galega, polo que :

- O galego é a lingua utilizada en toda a documentación administrativa, tanto no rotulado como nas notas informativas como en calquera outro tipo de documentación que se utiliza no centro.
- A lingua empregada nas comunicacións escritas e orais tanto coa comunidade educativa coma con outras institucións (a nivel de Galicia) é o galego.
- Todas as comunicacións da páxina web están en galego. Así mesmo todas as comunicacións por vía electrónica realízanse na lingua galega.
- O emprego do galego nas interaccións do profesorado co alumnado varía dependendo do profesor/a, non existindo predominancia entre o galego e o castelán.

De todas formas, isto converte o galego nunha lingua ritual e de requisito formal, polo que, toda a comunidade escolar debe ser partícipe da tarefa dinamización; e sería bo contar coa colaboración de tódalas persoas que, dunha maneira ou doutra, teñen relación co centro, como a ANPA, o persoal de cafetería, o transporte, o concello ou outros centros.

2.3 O PROFESORADO E PAS

No tocante ao profesorado, trátase dun colectivo de extraordinaria importancia na normalización, pois o seu campo de actuación preferente é o traballo cara ós alumnos e a súa actitude é, per se, unha acción normalizadora. Igual que noutros centros, no noso existe tamén un gran número de profesores/as que ven como unha imposición ter que realizar na nosa lingua o seu labor diario (impartición da materia, redacción de documentos educativos e administrativos...). O Equipo de Dinamización Lingüística, coas competencias que ten atribuídas, ten moi difícil conseguir que a lei se cumpra neses casos e tampouco cremos que o mellor xeito de contar coa colaboración dos/as compañeiros/as cos que convivimos diariamente sexa a imposición. Por todo isto, consideramos que a atención do equipo debe centrarse sobre todo naquel profesorado que, malia non ter o galego como lingua habitual ou formación abonda na nosa lingua, se contase cos medios e apoios necesarios, estaría disposto a colaborar no proceso normalizador. Tamén é certo que hai outros moitos recursos no idioma propio que o profesorado descoñece e sobre os que temos a obriga de informalos e mesmo facilitarllelos.

No IES Cabo Ortegal existe moito profesorado provisional que vai variando cos anos, pero poderíase dicir que aproximadamente o 50% do profesorado é galego falante, aínda que a gran maioría domina as dúas linguas.

No caso do Persoal de Administración e Servizos, aínda dominando as dúas linguas, a maioría utiliza o castelá á hora de comunicarse.

2.4 O ALUMNADO E FAMILIAS

O número total de alumnos/as do IES Cabo Ortegal nos últimos anos non supera os 200 alumnos e alumnas, correspondendo os mesmos á ESO, Bacharelato, Ciclo medio modular de adultos e Educación Secundaria de adultos (módulos II e IV)).

Respecto ao uso da Lingua Galega, cómpre dicir que practicamente na súa totalidade o alumnado é castelán falante, existindo unha minoría de alumnos e alumnas que contestan en galego cando a lingua usada para comunicarse con eles é esta.

No ámbito familiar utilízase o castelá como lingua de uso habitual, existindo unha baixísima porcentaxe (1 alumno) de alumnado que utiliza unha lingua distinta ao castelán ou o galego nas interaccións familiares.

Amósase pois unha situación de desigualdade manifesta no uso das dúas linguas da nosa comunidade, en favor do castelán, que é a lingua utilizada maioritariamente polo alumnado en todos os ámbitos. De todas formas, a gran maioría do noso alumnado comprende sen ningunha dificultade a lingua galega, non recibimos de xeito habitual alumnos/as doutros países ou comunidades, sendo a porcentaxe deste moi baixa respecto á totalidade do alumnado.

2.5 EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

A presenza do Equipo de Dinamización da Lingua Galega é constante no centro, tendo un espazo reservado na web do centro, así como un blogue de uso cotiá. É o encargado da organización das actividades internas e/ou en colaboración con outras entidades, no que ao fomento da lingua galega se refire.

3. DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR

Para a realización do noso Proxecto lingüístico basearémonos en todo momento nos referentes legais existentes a este respecto. Así, botaremos man da Lei de Normalización Lingüística, do Plano Xeral de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade no Parlamento galego e sobre todo do Decreto 79/2010 polo que se regulamenta o uso do idioma galego no noso sistema educativo.

3.1 ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO

Segundo o artigo 7º do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario galego teremos en conta que segundo o:

- Punto 2 as ensinanzas de linguas impartiranse no idioma propio (no noso centro son Lingua Galega, Lingua Castelá, 1º idioma estranxeiro Inglés, 2º idioma estranxeiro Francés e Latín).
- Segundo o punto 3 impartiranse en galego Xeografía e Historia e Bioloxía e xeoloxía, e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e Química.
- Segundo o punto 4, cada centro educativo decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas (debemos ter en conta que isto ás veces é imposible se o número de horas restantes é impar).

Así pois, o reparto lingüístico das restantes materias nos diferentes cursos da ESO queda como segue:

1º CURSO DA ESO

- En Galego: Educación física (2h), Tutoría (1 h) e Investigación e tratamento da información (1h). 4 horas de 8 h posibles (50%).
- En Castelán: Plástica (2h), Relixión (1h), Valores Éticos (1h). 4 horas de 8 h posibles (50%).

2º CURSO DA ESO

- En Galego: Educación física (2h), Música (2h). 4 horas de 8 h posibles (50%).
- En Castelán: Tutoría (1 h), Relixión (1h), Valores Éticos (1h), Promoción de estilos de vida saudables (1h). 4 horas de 8 h posibles (50%).

3º CURSO DA ESO

- En Galego: Educación física (2h), Tutoría (1h) e Música (2h). 5 horas de 11 h posibles (46%).
-

- En Castelán: Plástica (2h), Relixión (1h), Valores Éticos (1h) e Cultura Clásica (2 h). 6 horas de 11 h posibles (54%).

4º CURSO DA ESO (ACADÉMICAS)

- En Galego: Educación física (2h), Titoría (1 h), Cultura Científica (3h) e Música (3h). 9 horas de 20 h posibles (45%).
- En Castelán: Plástica (3h), Relixión (1h), Valores Éticos (1h), Economía (3h) e TIC (3h) . 11 horas de 20 h posibles (55%).

4º CURSO DA ESO (APLICADAS)

- En Galego: Educación física (2h), Titoría (1 h), Ciencias aplicadas á actividade profesional (3h) e Iniciación á actividade emprendedora e empresarial (3h). 9 horas de 17 h posibles (53%).
- En Castelán: Plástica (3h), Relixión (1h), Valores Éticos (1h) e TIC (3h) . 8 horas de 17 h posibles (47%).

3.2 BACHARELATO

Segundo o artigo 8º do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario galego teremos en conta que cada centro educativo establecerá unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego e en castelán.

Así pois, excluindo do reparto as materias de linguas que xa se imparten no idioma propio, o reparto lingüístico das restantes materias nos diferentes cursos de Bacharelato queda como segue:

1º CURSO DE BACHARELATO (CIENCIAS)

- En Galego: Matemáticas I (4h), Educación Física (2h), Bioloxía e Xeoloxía (4h), Linguaxe e práctica musical (3h), Cultura Científica (2) e Baile moderno (1h) . 16 horas de 33 h posibles (49%).
- En Castelán: Filosofía (3h), Física e química (4h), Debuxo Técnico I (4h), Tecnoloxía Industrial I (3h), TIC I (2h) e Relixión (1h) . 17 horas de 33 h posibles (51%).

1º CURSO DE BACHARELATO (HUMANIDADES)

- En Galego: Matemáticas Aplicadas ás CCSS I (4h), Educación Física (2h), Historia do Mundo Contemporáneo (4h), Linguaxe e práctica musical (3h), Cultura Científica (2) e Baile moderno (1h) . 16 horas de 33 h posibles (49%).

- En Castelán: Filosofía (3h), Literatura Universal (4h), Economía (4h), Tecnoloxía Industrial I (3h), TIC I (2h) e Relixión (1h) . 17 horas de 33 h posibles (51%).

2º CURSO DE BACHARELATO (CIENCIAS)

- En Galego: Matemáticas II (4h), Historia de España (3h), Bioloxía (4h), Xeoloxía (4h), Ciencias da Terra (3h), Historia da música e da danza (3h), Fundamentos de administración e xestión (3h) e Música no cine (1h) . 25 horas de 49 h posibles (51%).
- En Castelán: Física (4h), Química (4h), Debuxo Técnico II (4h), Tecnoloxía Industrial II (3h), TIC II (3h), Psicoloxía (3h), Métodos Estatísticos e Numéricos (2h) e Relixión (1h) . 24 horas de 49 h posibles (49%).

2º CURSO DE BACHARELATO (HUMANIDADES)

- En Galego: Matemáticas Aplicadas ás CCSS II (4h), Historia de España (3h), Xeografía (4h), Ciencias da Terra (3h), Historia da música e da danza (3h), Fundamentos de administración e xestión (3h) e Música no cine (1h) . 21 horas de 41 h posibles (51%).
- En Castelán: Economía da Empresa (4h), Historia da Arte (4h), , Tecnoloxía Industrial II (3h), TIC II (3h), Psicoloxía (3h), Métodos Estatísticos e Numéricos (2h) e Relixión (1h) . 20 horas de 41 h posibles (49%).

4. OBXECTIVOS

4.1. Obxectivos xerais

Detéctase claramente unha necesidade de mellora con respecto ao uso do galego, e dado que familiarmente o alumnado está habitualmente nun entorno castelán falante, non precisa esta lingua de especial atención, pois vese favorecida polo seu prestixio e uso cotiá na sociedade.

Nos últimos anos puidemos comprobar que o alumnado demostra carencias a nivel oral e escrito, polo que un dos obxectivos principais será a de continuar traballando na mellora desta competencia.

Tentaremos pois, aumentar o uso da lingua entre a xente coa que traballamos, especialmente entre os máis novos, que son os que aseguran o futuro do idioma; así mesmo, buscamos promover actitudes favorables cara ó idioma propio como un dos sinais da nosa identidade que debemos valorar e defender.

Estamos convencidos de que o ámbito familiar é o punto de referencia básico a ter en consideración con relación á adquisición da lingua, non tanto a escola. Con todo, consideramos que no centro educativo podemos intentar promover, fomentar, dignificar e facer unha discriminación

positiva con relación ao noso idioma. Será un dos obxectivos principais poñer os alicerces necesarios para posibilitar que a nosa lingua sexa a de identidade propia e de uso habitual no ámbito escolar. Confiamos en que as actitudes e consideracións con respecto á lingua autóctona poidan ser modificadas.

Finalmente indicar, que dado a importancia que pode ter no futuro laboral do noso alumnado, sempre debe ser tamén un obxectivo fundamental o fomento e uso de linguas estranxeiras, indo, na medida do posible, algo máis aló do que os currículos propios especifican.

4.2 Obxectivos canto a lingua habitual

- Procurar un contacto permanente e fluído con todos os compoñentes e organismos da comunidade escolar, sensibilizándoa co noso proxecto e animándoa para que progresivamente se vaian comprometendo no uso da Lingua nas súas tarefas educativas.
- Acabar coas actitudes negativas e prexuízos cara á lingua galega entre os membros da comunidade educativa.
- Conseguir que os alumnos/as que teñen o galego como lingua habitual non a abandonen, promovendo a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua galega.
- Intentar romper cos hábitos diglósicos do contorno.
- Asesorar práctica ou tecnicamente a todo aquel membro docente que, con obrigatoriedade ou non, imparta as súas clases en lingua galega.
- Preparar actividades (conferencia de ilustradores e escritores, teatro, cinema, festivais, concertos, exposicións, saídas...) que teñan como finalidade o fomento da nosa lingua.

4.3 Obxectivos canto á Competencia Lingüística

- Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades do centro, e traballar en aras de conseguir unha boa competencia nas linguas cooficiais.
- O Equipo de Dinamización da Lingua Galega terá como un dos obxectivos primordiais estar presente a través dos seus membros, implicando ao maior número de persoas, nos proxectos comúns que actualmente se están a desenvolver no noso instituto.
- Estimular alternativas didácticas adoptando novas tecnoloxías que nos actualicen e nos integren en comunidades modernas, valorándonos, estimando o noso contorno e a nosa diversidade lingüística e cultural.
- Incentivar o alumnado para que sinta interese pola lingua.
- Dotar ao centro de todos aqueles materiais curriculares axeitados para o coñecemento da lingua e cultura galegas.

- Dotar á biblioteca de materiais audiovisuais e fondos, procurando unha literatura en galego atractiva para o alumnado.
- Crear hábitos de lectura e de escrita en galego, así como no uso de calquera tipo de material que se poida empregar en diferentes ámbitos académicos.
- Dinamizar actividades de índole extraescolar en que se vexa que o uso da lingua é natural e posible.
- Estimular o uso do galego: proporcionado material de apoio para a adaptación curricular e sensibilizando á comunidade educativa para o seu emprego.

4.4 Obxectivos canto á valoración do idioma

- Educar para a estimación de dignidade e perfección en todas as linguas, de todos os pobos, estimación baseada na comprensión da diferenza e da pluralidade lingüística e cultural.
- Compartir experiencias con outros centros educativos, institucións, asociacións, familias, ... para acadar un concepto máis amplo e dinámico da nosa autoestima de recoñecemento e consideración social.
- Promover o emprego da Lingua en actos oficiais e administrativos: claustros, comisións pedagóxicas, actividades extraescolares...
- Manter a colaboración entre o Equipo de Dinamización da Lingua Galega e a Biblioteca do centro para dinamizar o uso e disfrute da Biblioteca do centro, dando a coñecer as últimas adquisicións e novidades publicadas en lingua galega. Asumir a lingua galega como elemento válido para calquera función comunicativa en calquera contexto.

4.5 Obxectivos específicos por sectores da comunidade educativa

- Con relación ao alumnado, intentarase incrementar nel o número de galegofalantes e, sobre todo, conseguir que se empregue a lingua en todos e cada un dos feitos da súa vida e no maior número de relacións comunicativas que se establezan, pertencen estas ao rexistro oral ou escrito, a situacións consideradas socialmente pouco formais ou, polo contrario, moi formais.
- Con relación ao profesorado, intentarase que o galego sexa a lingua vehicular non só nas clases a explicar, senón tamén da redacción de exames, apuntamentos, relacións cos demais membros do centro, etc. Finalmente asesorarase en calquera dúbida que xurda.
- Con relación ao persoal non docente, ofrecerlle un asesoramento no uso da lingua galega no seu traballo no centro a fin de que tamén sirva como alicerce para o uso na súa vida cotiá.
- Respecto da situación lingüística do centro, preténdese afianzar e procurar que aumente o uso do idioma en todas as situacións comunicativas.

- No relativo ao contorno, procurarase eliminar os prexuízos existentes canto á Lingua Galega.

Con todos estes obxectivos, o “IES Cabo Ortegal” pretende que o proxecto lingüístico garanta os usos lingüísticos da nosa comunidade educativa, así coma o noso compromiso coa normalización e a dinamización da cultura e da lingua galega. Unha institución educativa, como parte da cultura galega, non pode ficar á marxe deste proceso e debe dotarse dun plano de actuación que a coloque como referente para as outras, para a cidadanía das bisbarras que a engloba...De aí a necesidade de elaborar un proxecto lingüístico activo, obxectivo e dinámico.

5. LIÑAS DE ACTUACIÓN. ACCIÓNS A DESENVOLVER

Para acadar os obxectivos fixados, e tendo en conta as características sociolingüísticas que presenta o centro, propóñense as seguintes medidas, dirixidas ao conxunto da comunidade educativa e aos seus diferentes ámbitos:

5.1. Fomento da lingua galega

En cada curso escolar, van reflectidas no proxecto do EDLG as actividades que se van a realizar, e que dun xeito resumido serían:

- Creación dun club de lectura en galego.
- Celebración das festas tradicionais e culturais (Nadal, Entroido,...)
- Semana das Letras Galegas (exposicións sobre o/a autor/a homenaxeado/a, proxeccións sobre a vida e a obra, lectura de fragmento de obras,...)
- Adquisición de material didáctico en galego.
- Continuar co Blogue (<http://ortegalingua.blogspot.com.es>) para a difusión das súas actividades e das novas referidas co idioma e a cultura. Tamén servirá como plataforma de difusión de recomendacións de lecturas ou outras actividades por parte dos alumnos; ou de calquera outra reflexión que o alumnado queira compartir.
- Asistencia a representacións teatrais fomentando así a actividades de expresión oral.
- Celebración da Semana da prensa, traballando con xornais galegos (dixitais e escritos) na aula.
- Participación en actividades extraescolares (visitas a museos, institucións, Real Academia Galega...)

5.2. Mellora da integración lingüística

- Realizar, cando sexa preciso, estudos das necesidades especiais que teña o alumnado non galego no ámbito das súas destrezas lingüísticas.
- Os departamentos de linguas elaborarán un plan de estudo para o alumnado que o precise.
- En 1º e 2º de ESO, asignaríaselles, cando sexa necesario, reforzo con atribución horaria. Aquel alumnado que teña exención da materia de segunda lingua estranxeira, recibirá tamén reforzo dentro da hora destinada a libre configuración.
- Apoiar ao alumnado con NEE, contando coa axuda do profesorado dispoñible como co Profesorado de Pedagogía Terapéutica: fomentaranse os grupos de reforzo, a atención individualizada por parte do Departamento de Orientación e a adaptación ,se fose necesario, dos materiais das linguas para aquel alumnado que o necesitara.
- Proporase a alumnado con necesidades para participar nos obradoiros de mellora da competencia lingüística enmarcados dentro dos Contratos – Programa e nos que participa o centro todos os anos.

5.3. Mellora da competencia lingüística (linguas cooficiais)

- Ampliar o noso coñecemento da realidade sociolingüística do centro: renovar e ampliar os datos sobre o alumnado, coñecer o seu contorno familiar e local e, moi especialmente, dirixir a nosa atención ao sector do profesorado.
- Proporcionar o asesoramento lingüístico necesario a todo o centro (profesorado, secretaría, alumnado,...) para conseguir que nos escritos do centro se utilice unha lingua o máis correcta posible.
- Colaborar cos distintos departamentos e cos distintos grupos de traballo (TIC, Biblioteca...) na execución de actividades que teñan como obxectivo a promoción da lingua e cultura galegas, así como na procura dos materiais necesarios para tal fin. O Departamento de Biblioteca facilita unha labor fundamental neste sentido, promovendo as bibliotecas de aula e a hora de ler, os clubs de lectura, conmemoración de datas especiais (día da paz, día do libro, día internacional da muller...).
- Realización por parte do Departamento de Lingua Castelá de actividades extraescolares tales como visitas a museos, encontros con autores representacións teatrais..., moitas delas tamén en colaboración co Departamento de Biblioteca.
- Colaborar con outros centros educativos para intercambiar ideas entre os coordinadores e promover actividades conxuntas que motiven ao alumnado para a utilización da lingua.

- Manter contacto coa ANPA, facilitándolle toda a axuda que precise para fomentar o emprego do galego, facendo del un uso correcto e normalizado.
- Manter unha colaboración aberta e participativa co Concello.

5.3. Mellora da competencia en linguas estranxeiras

- Sección Bilingüe de Tecnoloxía.
- Actividades extraescolares que pretenden a inmersión lingüística do alumnado e a mellora da comprensión oral (viaxes didácticos a Londres e París, representacións teatrais...)
- Implicación do centro nos proxectos internacionais ERASMUS+ e que facilita a mobilidade e intercambio con outros centros, tanto de profesorado como de alumnado.
- Plan de Formación en Centro, que inclúe un grupo de traballo que pretende marcar as liñas a seguir na elaboración dos diferentes proxectos internacionais.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Este Proxecto Lingüístico marca as liñas de actuación para o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística que estamos tratando de establecer partindo dunha análise da realidade do noso centro. Será sempre un documento aberto, e que será avaliado e corrixido tanto nos próximos curso como a máis longo prazo.

Tendo en conta que moitas das actividades relacionadas co desenvolvemento da competencia lingüística están enmarcadas dentro dos diferentes proxectos anuais: EDLG, PLAMBE, Plan de Formación..., será ao final de cada curso académico cando se elaborarán as memorias correspondentes reflectindo a análise das actividades realizadas e as propostas de mellora cara o curso seguinte.